



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 1 DE DECEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo de Garantía Agraria.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo para a realización de programas de apoio a familias en situacións especiais.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo para a implementación de accións a favor das persoas en situación de dependencia, mediante diversos proxectos piloto de atención a persoas dependentes.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun protocolo adicional polo que se determinan as achegas económicas das partes e se incorporan os proxectos seleccionados, en ambos os dous casos con referencia ao exercicio 2005, como anexo ao convenio sobre prórroga do convenio-programa para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais, suscrito entre o Ministerio de Traballo e a Xunta de Galicia.



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do Máster en Xestión da Cooperación Internacional e das ONGD 2005-2006.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Instituto Xeográfico Nacional para a realización e actualización periódica da cobertura do voo fotogramétrico, de ortografía dixital, en cor.
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial e o Concello de Narón para a ampliación do pontón sobre FEVE na AC-112, en Pedroso.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello do Porriño para a construción de dúas áreas de estacionamento de autobuses no referido concello.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial e o Concello de Lugo para a construción do Centro Cultural Auditorio no edificio do cuartel de San Fernando, na cidade de Lugo.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre Política Territorial e o Concello de Cambre para a construción dunha área de estacionamento de autobuses no dito concello.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio específico de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación e Ciencia para a aplicación de diversos programas de apoio a centros de educación primaria e educación secundaria e a addenda ao convenio para o ano 2005.



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria para a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación no Sector Pesqueiro de Celeiro (FIDTISPC), para a posta en marcha do Centro Tecnolóxico da Pesca de Celeiro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, Unión Eléctrica Fenosa, Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A. (BEGASA) e a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE) para o desenvolvemento das actuacións en execución do Plan de Dinamización Económica o ámbito da infraestrutura eléctrica.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Fundación Érguete-Integración, en materia de drogodependencias, por importe total de 199.810 euros.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se determina o financiamento da construción dun punto limpo no Concello de Guntín (Lugo), por un importe de 247.842,12 euros, cun financiamento do 100 por cento a cargo da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente, o Concello de Muíños e a Comunidade de Montes de Mugueimes para a recuperación do seu vertedoiro de residuos sólidos urbanos.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Lugo para a instalación de contenerización soterrada.



MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Declaración institucional con motivo do día do cooperativismo



VICEPRESIDENCIA E MINISTERIO DE TRABALLO ADICAN MÁIS DE 26 MILLÓNS DE EUROS PARA PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA

- *Case 6,8 millóns de € serán para programas de apoio a familias en situacións especiais e para proxectos piloto de atención a persoas dependentes*
- *As corporacións locais recibirán máis de 19,3 millóns de € para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. O primeiro convenio ten como finalidade a realización de programas de apoio a familias en situacións especiais, nos que se inclúen os seguintes: programas para a educación familiar, atención de familias desfavorecidas e en situación de risco e familias monoparentais; programas de orientación e mediación familiar, así como puntos de encontro familiar; e por último, programas de apoio a familias con problemas de violencia familiar. Para este convenio, a Vicepresidencia da Xunta achegará 1.906.370 euros, mentres que o Ministerio aportará 1.144.521 euros.

O outro convenio que se achegará entre a Vicepresidencia e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais servirá para a posta en marcha de actuacións a favor das persoas en situacións de dependencia. A finalidade é executar diversos proxectos piloto para a atención de persoas dependentes. A Xunta de Galicia -a través da Vicepresidencia- achegará 369.317 euros e a Administración central achegará 3.323.829 euros.

Por outra parte, o Consello da Xunta de hoxe autorizou ademais a sinatura dun protocolo adicional como anexo ao convenio-programa para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais das corporacións locais, subscrito entre o Ministerio de Traballo e a Xunta de Galicia. O protocolo adicional que agora se asina recolle a dotación económica para este programa dentro do exercicio económico de 2005. A Vicepresidencia achega 11.725.894 euros, o Ministerio 7.595.643 euros e as administracións locais achegan 29.776.179 euros.



XUNTA DE GALICIA E MINISTERIO DE FOMENTO COLABORARÁN NA PRODUCCIÓN DA ORTOFOTOGRAFÍA DIXITAL DO TERRITORIO GALEGO

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e máis o Ministerio de Fomento, a través do Instituto Xeográfico Nacional (IGN) van colaborar na realización e actualización das ortofotografías dixitais das 2.957.500 hectáreas que comprende o territorio galego, así como na elaboración do modelo dixital de elevacións do terreo asociado ás ditas ortofotografías.

Así se recolle no convenio que proximamente asinarán os responsables da CPTOPT e do IGN, cuxa sinatura recibiu hoxe o visto e prace do Consello da Xunta.

Segundo recolle o texto do acordo, o Instituto Xeográfico Nacional facilitará á Consellería de Política Territorial copia do traballo realizado xa por este organismo dependente de Fomento, e que consiste en material ortofotográfico correspondente a 1.333.360 hectáreas da comunidade galega, así como os modelos dixitais de elevacións deses terreos.

A CPTOPT, pola súa parte, encargaráse de realizar os traballos correspondentes ás 1.624.140 hectáreas restantes, e que consistirán na realización dos voos fotogramétricos que lle permitirán xerar, tanto as ortofotografías dixitais a escala 1:5.000, como os modelos dixitais de elevacións do terreo.

O custo destes traballos ascende a 471.000 euros, dos que o IGN achegará o 38% e a CPTOPT o 62% restante.

O obxecto desta colaboración entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento na produción das ortofotografías dixitais, é obter un único produto válido para dar resposta tanto ás necesidades de ambas Administracións como á demanda deste tipo de información xeográfica por parte dos cidadáns, optimizando a xestión e os gastos.



POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 297.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE DÚAS ÁREAS DE ESTACIONAMENTO DE AUTOBUSES NO PORRIÑO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 297.000 euros, repartidos en dúas anualidades, nas obras de construción de dúas áreas de estacionamento de autobuses no concello do Porriño.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o concello para levar a cabo as devanditas obras.

Ademais do financiamento das obras, a CPTOPT encargárase da elaboración supervisión e aprobación do proxecto de construción, así como da adxudicación, dirección e recepción das obras.

Pola súa banda, o concello do Porriño deberá poñer os terreos necesarios á disposición para poder acometer as obras. Unha vez rematadas as mesmas, tamén será o concello o encargado da explotación, mantemento e conservación das ditas áreas de estacionamento de autobuses.

As obras de construción das dúas áreas de estacionamento no concello do Porriño enmárcanse dentro do Plan de Transporte Metropolitano e Galicia, promovido pola Xunta de Galicia en colaboración coas administracións locais.

O dito plan ten por obxectivo garantir e contribuír á mellora das condicións de transporte, facilitando o intercambio de liñas e potenciando a utilización do transporte público colectivo.



POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 5,4 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO CULTURAL-AUDITORIO EN LUGO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes inviste un total de 5,4 millóns de euros repartidas en cinco anualidades ata o ano 2008, na construción dun Centro Cultural-Auditorio no edificio do Cuartel de San Fernando, na cidade de Lugo.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio orixinario, asinado en 2004, para un reaxuste das partidas orzamentarias inicialmente previstas.

Cabe salientar que nos trámites do proxecto producíronse unha serie de atrasos derivados da complexidade técnica do mesmo, da dispoñibilidade dos terreos e da súa adecuación urbanística. Os ditos atrasos repercutiron nos prazos de licitación das obras, que non poden iniciarse este ano, o que obriga a realizar un reaxuste das anualidades inicialmente previstas.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 420.500 EUROS Á AMPLIACIÓN DUN PONTÓN SOBRE FEVE NO PEDROSO, EN NARÓN

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destinará, entre este ano e o próximo, un total de 420.500 euros á ampliación do pontón sobre FEVE na carretera AC-112, en Pedroso, no concello de Narón.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio orixinario, asinado en 2003, o que supón un incremento de 145.700 euros sobre o orzamento inicialmente previsto para tal fin.

Cabe salientar que, dadas as incidencias xurdidas na execución das obras, fixeron imposible levar a cabo as mesmas nos prazos establecidos, polo que se acordou modificar as cláusulas.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 273.000 EUROS A UNHA ÁREA DE ESTACIONAMENTO DE AUTOBUSES NO CONCELLO DE CAMBRE

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o pasado ano entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o concello de Cambre para a construción dunha área de estacionamento de autobuses no devandito concello.

Deste xeito, a CPTOPT financiará este ano cun total de 273.000 euros, nos que tamén se inclúen fondos FEDER, a construción da área de estacionamento de Cambre.

A dita addenda implica un reaxuste das partidas para tal fin previstas no convenio orixinario, dado que o ano pasado procedeuse á licitación e adxudicación das obras, pero non fora asinado o contrato. Deste xeito, as contías previstas repartidas nas anualidades 2004 e 2005 refúndense nunha única contía que se fará efectiva neste exercicio.

Dende a Consellería de Política Territorial considérase que este tipo de áreas de estacionamento contribúen a garantir unha mellora nas condicións do transporte. É dicir, ao concentrar nun único centro as chegadas e saídas dos distintos tráfico, as ditas áreas repercuten de xeito positivo na ordenación da circulación na zona na que se localizan.

A Xunta de Galicia leva acometido diversos plans de construción de estacións de autobuses de diversos niveis, en función das necesidades e demandas específicas de cada entidade de poboación.



APRÓBASE O DECRETO QUE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- ***Engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, desenvolvemento rural, ordenación comarcal, estruturas rurais e industrias agroalimentarias.***

O Consello da Xunta acordou hoxe, por iniciativa da Consellería do Medio Rural, aprobar o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, necesaria para o cumprimento das funcións atribuídas respectando os principios de eficacia e economía que deben presidir a actuación e organización administrativa.

A Consellería do Medio Rural, baixo a superior dirección do titular do departamento, é o órgano da Administración galega encargado de propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural. Engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, desenvolvemento rural, ordenación comarcal, estruturas rurais e industrias agroalimentarias.

As principais novidades no organigrama desta consellaría son a incorporación da Dirección xeral de Montes e Industrias forestais e da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación agroforestal, de nova creación con rango superior ao que tiña antes como subdirección.

Na Dirección xeral de Montes créase un Servizo de Planificación e Valorización do monte, con dependencia orgánica do director xeral, que integra as áreas de Xestión forestal sustentable e de prevención e valorización do monte.

De acordo co compromiso de goberno de racionalización administrativa, os órganos de dirección do FOGGA, Agader e Sociedade Galega para o Desenvolvemento Comarcal son asumidos pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, co fin de diminuír o número de altos cargos.

A aposta pola valorización do rural evidénciase na creación dentro da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria dunha Subdirección Xeral de Producción Agraria Sustentable e de Fomento Asociativo, de cara a incidir nun modelo agrario respectuoso coa preservación dos recursos naturais.

A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias engloba as competencias en materia de dotación de infraestruturas para o medio rural e de reforma das



estruturas agrarias co fin de mellorar a coordinación das actuacións da Administración que incidan directamente no afortalamiento da base produtiva.



A XUNTA COLABORARÁ COA USC NA REALIZACIÓN DUN MÁSTER SOBRE XESTIÓN DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL

- *O Goberno achegará un total de 40.000 euros para a materialización deste curso, que se impartirá no curso 2005-2006 na Facultade de Ciencias Sociais e Políticas*

O Goberno galego autorizou na reunión semanal do Consello da Xunta a formalización da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento do *Máster en Xestión da Cooperación Internacional e das ONGD*.

A Xunta asinará un convenio de colaboración coa devandita universidade polo que o Executivo galego achegará un total de 40.000 euros para a materialización deste máster, que se impartirá no curso académico 2005-2006 na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC e que ten un custo total de 95.796 euros.

Os obxectivos deste curso son proporcionar os instrumentos teóricos e prácticos que permitan coñecer, de xeito sistemático, os marcos legislativos, os contornos socioeconómicos e a dirección de ferramentas do sistema internacional de cooperación ao desenvolvemento. Para isto, levaranse a cabo clases tanto teóricas como prácticas, así como talleres temáticos, coa axuda de especialistas recoñecidos no ámbito da Cooperación Internacional e do Voluntariado.

O financiamento da Xunta de Galicia servirá para facer fronte aos gastos relacionados co material didáctico e a docencia, tanto do profesorado da USC coma do persoal alleo a esta universidade. Segundo aparece recollido no texto do acordo aprobado hoxe polo Consello, este convenio terá vixencia dende o momento da súa sinatura ata o 31 de xullo de 2006.



XUNTA E GOBERNO CENTRAL DESTINAN 540.000 EUROS A PROGRAMAS DE APOIO EN CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA

- *A Consellería de Educación investirá un total de 269.000 euros nesta iniciativa, que se porá en marcha en 40 centros de ensino galegos*
- *Con esta acción búscase mellorar os índices de éxito escolar en centros de educación primaria e secundaria obrigatoria situados en contornos socioculturais en desvantaxe educativa*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio específico de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Xunta de Galicia, para a posta en marcha de diversos programas de apoio en centros de educación primaria e secundaria. O Executivo autonómico tamén deu o visto e prace á addenda ao convenio para o ano 2005. Para o cumprimento deste acordo, as Administracións asinantes destinarán un total de 538.000 euros, achegando cada unha delas a metade dos recursos económicos necesarios.

O obxecto deste convenio é a aplicación en Galicia duns programas que, impulsados polo MEC, vanse desenvolver na práctica totalidade das comunidades autónomas de España. Con esta acción búscase poñer en práctica un conxunto de actuacións encamiñadas a mellorar os índices de éxito escolar en centros de educación primaria e secundaria obrigatoria situados en contornos socioculturais que constitúan unha desvantaxe desde o punto de vista educativo.

Os programas que se recollen poden clasificarse en dous grupos: de acompañamento, para a súa aplicación na educación primaria e secundaria obrigatoria, e de apoio a centros de educación secundaria. Cos primeiros, preténdese actuar sobre unha parte do alumnado, dos centros que sexan seleccionados, en diversos campos que se consideren esenciais para mellorar as expectativas escolares, a través de intervencións que se desenvolven fóra do horario lectivo xeral do centro. Pola súa banda, o programa de apoio a centros de educación secundaria busca reforzar os recursos que posúen os centros seleccionados, de xeito que se favoreza o establecemento de novos procedementos de organización e funcionamento que posibiliten afrontar as súas necesidades particulares e que limitan as posibilidades de éxito escolar do seu alumnado.

Segundo este acordo, a Consellería de Educación comprométese a cofinanciar o cincuenta por cento do orzamento total dos programas obxecto deste convenio. Ademais, seleccionará os centros de primaria e secundaria nos que se implanten



estes programas, ao tempo que realizará o apoio directo aos centros e organizará os procesos de formación necesarios para que os profesores e outros profesionais poidan implantar estes programas. A Xunta de Galicia designará tamén a unha persoa que colaborará no seguimento dos programas e na valoración dos resultados dos mesmos, e participará na coordinación co MEC e outras comunidades autónomas.

Pola súa banda, o Ministerio de Educación e Ciencia adquire, en virtude deste convenio, os compromisos de cofinanciar o cincuenta por cento do orzamento total dos programas, de manter unha estrutura de coordinación, valorar os resultados e establecer unha plataforma virtual de información e apoio ás actuacións derivadas deste acordo. Á súa vez, e co obxectivo de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento deste convenio, o MEC e a Xunta de Galicia constitúen unha comisión mixta de seguimento, composta por seis membros. Este órgano estará integrado por dous membros designados polo MEC, un pola Delegación do Goberno en Galicia e tres pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A concreción da colaboración e as achegas das dúas Administracións asinantes para o desenvolvemento dos programas consignarase nunha addenda que formará parte indisoluble do convenio, na que deberá tamén figurar o número de centros que participarán en cada un dos programas.

Acompañamento escolar en primaria

Segundo a addenda ao convenio de colaboración entre o MEC e a Xunta de Galicia, un total de 20 centros participarán neste programa, ao que o departamento educativo galego destinará 46.000 euros no ano 2005. O programa de acompañamento escolar en primaria está destinado a mellorar as perspectivas escolares dos alumnos con dificultades no último ciclo de Educación Primaria, a través do traballo organizado para a adquisición de destrezas básicas, da mellora no hábito lector e da incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás exixencias das diferentes materias.

Os destinatarios deste programa, que se desenvolverá en dúas modalidades, serán os alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria seleccionados polo equipo de profesores do centro e especialmente polo titor. Na modalidade A, o acompañamento farano monitores acompañantes, pretendendo con isto aproveitar a experiencia e o coñecemento dos alumnos máis preparados de etapas posteriores. Na modalidade B, son os profesores do centro os que levan a cabo este acompañamento, reforzando aos alumnos nas aprendizaxes non acadadas na clase e revisando contidos non suficientemente aprendidos.



A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria seleccionará un total de 10 centros de educación secundaria para a implantación deste programa. A Administración educativa achegará un total de 23.000 euros para o pagamento das horas de acompañamento do profesorado de apoio nestes centros, que escolarizan alumnado con necesidades específicas asociadas a condicións sociais desfavorecidas. En cada un destes centros organizaranse varios grupos de alumnos, segundo as dimensións e a situación do centro, que traballarán de modo simultáneo.

Este programa ten como obxectivo potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar daqueles alumnos de educación secundaria obrigatoria seleccionados polo equipo de profesores de cada un dos grupos, ao tempo que busca mellorar a súa integración social, tanto no grupo como no centro. Ademais, no caso da modalidade B, na que é un grupo de profesores os que desenvolven as funcións de acompañamento académico, tratarase de asentar coñecementos e destrezas das áreas instrumentais.

Apoio a IES en zonas de atención preferente

Para a posta en marcha deste programa, a Consellería de Educación achegará a contía de 200.000 euros, que se repartirán entre os 10 centros participantes. Este proxecto presenta tres liñas de actuación: atención directa aos alumnos, intervención coas familias, e mellora do contorno educativo. Así, coa primeira delas preténdese asegurar unha transición fluída do alumnado desde a educación primaria á educación secundaria, mediante a coordinación dos centros implicados, a adaptación organizativa dos cursos 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de ESO e a atención especial a familias dos alumnos. Ademais, a atención directa aos alumnos prevé a posibilidade de mellorar as perspectivas escolares dos alumnos que presentan unha mellor situación académica ou que destacan pola súa capacidade especial para algunha materia. O reforzo educativo complementario, o fomento da lectura e do acceso ás diversas fontes de información a través das bibliotecas escolares, e a mellora da convivencia nos centros de educación secundaria son outros dos obxectivos que persegue a primeira liña de actuación deste programa.

Este proxecto implica ás familias no centro, de cara a fomentar a cooperación entre ambas institucións, especialmente naqueles aspectos que incidan na mellora da aprendizaxe escolar e o rendemento dos seus fillos. Ademais, implántase a figura do mediador socioeducativo, dirixida a asegurar a intervención de persoas que medien entre os equipos educativos e as familias cando haxa barreiras lingüísticas, culturais ou socioeconómicas.

No tocante á relación do alumnado co seu contorno, levarase a cabo a mellora das perspectivas escolares dos alumnos con dificultades en ESO, a través do reforzo de destrezas básicas e da incorporación plena ao ritmo de traballo e ás exigencias das diferentes materias. Dentro desta liña de actuación enmárcase a oferta de actividades



culturais e deportivas que contribúan á formación integral do alumnado, así como o establecemento de medidas preventivas que favorezan a asistencia regular a clase nos casos en que se observe absentismo escolar.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA AMPLÍA O INVESTIMENTO PARA A MELLORA DA INFRAESTRUTURA ELÉCTRICA NO PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

- *A Consellería asina unha addenda ao convenio de colaboración con Fenosa, APYDE e BEGASA para mellorar a subministración eléctrica en varias zonas do país e subvencionará con 11.630.076,19 euros as actuacións desenvolvidas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Innovación e Industria, a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración subscrito por este departamento autonómico e as distribuidoras Unión Fenosa, Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A. (BEGASA) e a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE) para o desenvolvemento das actuacións en execución do Plan de Dinamización Económica no ámbito da infraestrutura eléctrica.

A consellería incrementará o investimento realizado polas citadas compañías pasando dos 15.230.522 euros previstos inicialmente (distribuídos no trienio 2004-2006), aos 25.844.613,74 euros, ampliando ademais o prazo de vixencia do Plan ata o 31 de decembro de 2007. Innovación e Industria subvencionará o 45% do montante total das actuacións por un importe total de 11.630.076,19 euros, fronte aos 6.853.734,45 euros previstos inicialmente no devandito convenio de colaboración.

As actuacións incluídas con esta addenda levaranse a cabo nos concellos de Ponte Caldelas, Pazos de Borbén, Soutomaior, Mondariz, Mesía, Silleda, Lugo, Begonte, Barreiros, Ares, Betanzos, Cambre, A Pobra do Caramiñal, Bueu, Gondomar, A Guarda, Marín, Moaña, Nigrán, Pontevedra, Vigo, O Barco de Valdeorras, Redondela, Salvaterra, San Cibrao e Bergondo.

A consellería subliña que a subministración eléctrica é un elemento de dinamización, tanto no plano económico coma no social, polo que considera preciso a sinatura desta addenda para mellorar a subministración e contribuír así ao desenvolvemento da infraestrutura eléctrica no país.



MEDIO AMBIENTE FINANCIA CON 247.842 EUROS A CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financiará a construción dun centro de recollida selectiva de residuos sólidos urbanos, tóxicos así como perigosos no Concello de Guntín. A este fin, destinará un total de 247.842 euros, cantidade que se aboará en dúas anualidades entre o presente exercicio (49.568 euros) e o vindeiro (198.274 euros).

O Consello da Xunta autorizou hoxe o financiamento do 100% deste proxecto de construción que se enmarca na colaboración técnica e financeira que presta a Consellería de Medio Ambiente ás entidades locais en materia de xestión de residuos. A creación do punto limpo de Guntín, que se situará no Monte Ladairo, ten un prazo de execución de tres meses.

Un punto limpo consiste nun recinto pechado de recollida selectiva dos residuos tanto domésticos, como papel, cartón, baterías ou envases, como considerados tóxicos ou perigosos como son medicamentos ou materiais procedentes de obras, entre outros.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 276.000 EUROS PARA INSTALAR CONTEDORES SOTERRADOS NA CIDADE DE LUGO

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará un total de 276.000 euros para a instalación de contedores soterrados de residuos sólidos urbanos na cidade de Lugo. O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dunha addenda para executar entre este ano e o vindeiro o convenio de colaboración que subscribiron en abril de 2004 a Consellería de Medio Ambiente e o Concello lucense.

As obras para a instalación de contedores soterrados en Lugo, unha actuación que responde ao programa de recollida selectiva e reciclaxe de residuos implantado nesta cidade, demoráronse dado que tiñan que estar rematadas a finais deste ano. Pero agora xa están a piques de comezar, polo que a Consellería de Medio Ambiente suscribirá esta addenda co Concello de Lugo para reaxustar o pagamento, en dúas anualidades (2005 e 2006), deste investimento.



MEDIO AMBIENTE INVESTIRA 96.863 EUROS NO SELAX DO VERTEDOIRO DE MUÍÑOS E NA RECUPERACIÓN DO TERREO QUE OCUPA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no marco do programa de rexeneración de espazos degradados establecido no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, investirá este ano e en 2006 un total de 96.863 euros para retomar e finalizar as actuacións de selaxe, clausura e recuperación do vertedoiro de Muíños (Ourense). O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda ao convenio de colaboración que subscribiran en 2004 a Consellería de Medio Ambiente, o Concello de Muíños e a Comunidade de Montes de Mugueimes, a quen pertencen os terreos que ocupan o vertedoiro.

Estas obras de selaxe, clausura e recuperación empezaron a principios deste ano pero foron logo suspendidas por non contar este concello ourensán cun sistema alternativo para o tratamento de residuos sólidos. Nestes momentos, vaise reiniciar en breve este proxecto, polo que é necesario suscribir esta addenda co fin de reaxustar o pagamento deste investimento, que a Consellería de Medio Ambiente realizará entre o presente exercicio (76.863 euros) e o vindeiro (20.000 euros).



A CONSELLERÍA DE SANIDADE DESTINA PRETO DE 200.000 EUROS A UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

A Consellería de Sanidade destina nos anos 2005 e 2006 un total de 199.810 euros a un convenio de colaboración coa Fundación Érguete-Integración. O obxectivo do acordo é articular a cooperación entre ambas as institucións para o deseño e a posta en marcha do Programa de Intervención Precoz con Drogodependentes en Situación de Emerxencia Social.

Este programa está destinado a achegarse ao colectivo drogodependentes que non acode habitualmente á rede asistencial normalizada, atendendo sobre todo á poboación xuvenil. A carencia de recursos deste colectivo dificulta o seu acceso a medidas hixiénicas e alimenticias básicas; unha situación que aumenta a posibilidade de infección ou transmisión de enfermidades, e repercute negativamente no seu estado de saúde ou calidade de vida.

O programa estrutúrase a través de dous subprogramas. O primeiro deles de "Captación Activa e Intervención en Medio Aberto", está destinado a identificar a esta poboación e establecer contacto con eles para mellorar a súa calidade de vida, reducir os riscos do consumo de drogas e propiciar o acceso aos servizos sociosanitarios.

O segundo subprograma denomínase de "Apoio residencial" e ten como obxectivo ofrecer un apoio residencial ao grupo de drogodependentes máis desprotexido a nivel social.